



---

**NORMATIVA E BASES DOS PREMIOS DE COMUNICACIONES O CONGRESO ANUAL DA SOCIEDADE, BOLSAS DE ESTANCIAS FORMATIVAS, BECAS DE INSCRIPCIÓN A CONGRESOS E BOLSAS DE INVESTIGACIÓN DA SOCIEDADE GALEGA DE XERONTOLOXÍA E XERIATRÍA (SGXX).**

*A Xunta Directiva da SGXX, de acordo cos Estatutos e actividades previas da Sociedade, e para maior información e obxectividade, aprobou as Normas e contías das Becas, Axudas e Premios Anuais que a continuación se refiren.*

**A. Beca ou Bolsa de Estadías Formativas en Centros. Beca Dr. D. Roberto Bugidos Benavides.**

1. Contía. Destínanse ó concepto de Bolsa de Becas de Formación a cantidade máxima de 3.000 euros cada ano.
2. Obxectivos. A Sociedade convoca axudas económicas para realizar Estadías formativas en Hospitais, Institucións, Centros Sociosanitarios Xerontolóxicos acreditados, incluíndose áreas especializadas en directa relación coa atención as persoas Maiores (Investigación básica ou aplicada, Rehabilitación, Psicoxeriatría, Servizos Sociais, Xestión, etc). O programa de formación que opte a una beca de formación terá que estar debidamente acreditado.
3. Requisitos. O/a Solicitante terá que ser membro da SGXX, con unha antigüidade mínima de dous anos dende a aprobación pola Asemblea, e ter pagas as cotas que corresponden.
4. Condicións. Desfrutar da beca dentro do ano da solicitude ou no primeiro trimestre do seguinte. A Duración mínima da estadía de alomenos un mes ou catro semanas.
5. Solicitude. A solicitude farase mediante a presentación dunha Memoria de Formación. A Memoria da Solicitude incluirá:
  - a. Xustificación e Actividades a realizar.
  - b. Curriculum Vitae resumido.
6. Autorización do Centro de estadía. Será imprescindible presentala acreditación de autorización previa do Centro onde se realizará a estadía.
7. Lugar e Prazo de presentación: As solicitudes das Becas deben presentarse na Secretaría Administrativa da SGXX antes do ~~1 de Maio do ano~~ 25 de Outubro do 2016. A Xunta Directiva poderá solicitar documentación ou os Informes complementarios que estime precisos. A resolución da convocatoria darase a coñecer publicamente, a proposta da Xunta Directiva.
8. Forma de Pago. O importe será abonado en dous prazos, o primeiro no intre da concesión da Beca e o restante cando se reciba a memoria de Formación que se ten que presentar ao remate da actividade correspondente. De non ser presentada a Memoria o non se realizase a estadía, o/a Becario/a terá que reintegrar a cuantía adiantada no prazo máximo de 15 días mediante transferencia bancaria na conta corrente da Sociedade.



## Becas, Bolsas e premios da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria

Colexio Oficial de Médicos de Santiago de Compostela

Rúa San Pedro de Mezonzo, 39

15701 Santiago de Compostela (A Coruña)

9. Informe de estadía. No prazo máximo de dous meses trala finalización da estadía o/a Bolseiro/a deberá remitir a Secretaría da SGXX o Informe da Estadía, detallando sobre das actividades mantidas. A non presentación do dito Informe excluírá a entrega da cantidade correspondente e condicionará a adxudicación de futuras Bolsas e Premios da SGXX, e implicará a devolución de calquera contía económica adiantada.
10. A Bolsa poderá quedar deserta, si así o estima a Xunta Directiva da Sociedade, e a solicitude desta Beca implica a aceptación das bases da mesma.

**Xunta Directiva da SGXX. Ano 2016**